

MOST BEAUTIFUL ISLAND

339

[Ana Asensio, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2018 | V.O.S.E. | +16

Most Beautiful Island (2017, 80')

Dirección: Ana Asensio

Guión: Ana Asensio

Elenco: Ana Asensio, Natasha Romanova, David Little, Nicholas Tucci, Larry Fessenden, Caprice Benedetti, Anna Myrha, Ami Sheth, Miriam A. Hyman

Son: Matt Howard

Montaxe: Carl Ambrose, Francisco Bello

Vestuario: Veronica Cardenas

Música: Jeffery Alan Jones

Fotografía: Noah Greenberg

Produtoras: Glass Eye Pix (Estados Unidos)

Distribuidora: Con un pack

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

SXSW 2017 (Mellor filme), Spirit Award 2017 (Nomeada ao premio John Cassavetes)

SINOPSE

Luciana é unha inmigrante española sen papeis en Nova York. Sobrevive como pode, e malvive a base de traballos precarios que non lle chegan nin para pagar o aluguer. Esta situación abafante na que vive levaraa a aceptar un traballo dunha noite, ben remunerado e aparentemente sinxelo. A oferta faralle descubrir o lado máis cruel do soño americano.

«Un pesadelo que non precisa recorrer a ningún golpe baixo para ramificar o seu considerábel poder de perturbación. Notábel debut»

Jordi Costa, EL PAÍS

Most Beautiful Island proxectarase precedida da curtametraxe *The Fourth Kingdom*, de Adán Aliaga e Álex Lora.



“Quería abrir a mirada do espectador americano ao emigrante”

Entrevista con Ana Asensio

Por Julián García

Canto hai de vostede no personaxe de Luciana? De entrada, a peripecia pola que pasa ela, é dicir, encontrarse nunha situación ilegal no país e ser convidada a traballar nunha festa misteriosa sen ter nin idea do que vai atopar. Grazas a Deus todo está ficcionado pola miña imaxinación, mais esa situación de angustia, terror e vulnerabilidade extrema pola que pasa Luciana está inspirada na miña experiencia persoal e na doutras mozas que coñecín en situacións similares.

O seu filme fala da inmigración nos Estados Unidos, mais sobre todo un tipo de inmigración, a europea e cualificada, da que se fala pouco no cinema. Así é. Quería abrir a mirada do espectador americano ao emigrante, ao que se ten estereotipado, e que descubra que hai outras realidades, a de persoas cualificadas que tamén pasan por situacións de vulnerabilidade, que non falan ben o idioma, que non teñen nin familia nin amigos, que quizais non teñen nin papeis. E que por esa razón se lanzan a oportunidades de traballo perigosas, que son máis ben simples formas de sobrevivir para poder pagar o aluguer ese día e seguir tirando coa súa mala vida.

Que lembra dos seus primeiros tempos en Nova York? Pasouno mal? Lembro especialmente o primeiro día. Era o 7 de setembro de 2001. Tiña un número de teléfono da muller coa que acordara o aluguer dun cuarto en Harlem por 400 dólares ao mes. Non tiña móbil nin nada. Chamei desde unha cabina e respondeume un home. Era o seu marido. Díxome que ela perdera o piso e que marchara para Colombia. Tiven un ataque de ansiedade. Sentín que me faltaba o aire.

Isto era catro días antes dos atentados do 11-S. Foi moi forte... Aquel home, un home moi normal, ofreceume instalarme na súa casa mentres encontraba algo e aceptei. Supoño que era iso, non? Vivir experiencias... O caso é que pasou o 11-S, bloquearon a zona onde vivía e vinme atrapada cun estraño un lote de días. Pecharon a escola onde tiña que estudar e decidín volver a Madrid. Mais só resistín un mes: regresei a Nova York en canto puiden. Algo me chamaba. Non sabía ben inglés e nunca me atraera a mentalidade americana. Aínda así sentía un desexo irrefreábel de ir, sabía que algo bo me agardaba alí.

Canto tempo dedicou ao proxecto *Most Beautiful Island*? Moito! Case de máis... Empecei escribir o guión en 2011. Ao principio eran 20 páxinas. Eu xamais rodara nada nin escribira un guión e a xente me dicía que iso non daba para unha longa. Así que estudei escritura e chamei a centos de portas. Explíqueille a calquera que pasara pola rúa que estaba a facer un filme. Consequín o diñeiro

a través de investidores que xamais puxeran un peso en cinema. E puxen todos os meus aforros. A rodaxe durou 21 días e todo o mundo que participou cobrou o mesmo: 100 dólares ao día para 14 horas de traballo. Pouquisimo diñeiro!

Por que rodou con película de súper 16 en lugar do dixital? Por unha visión estética. A miña inspiración eran filmes dos 70 rodados en Nova York, como *Cowboy de medianoche* (John Schlesinger, 1969) ou *Taxi Driver* (Martin Scorsese, 1976). E eses filmes teñen unha textura especial, de cor, de grao (...) Fascínanme os filmes de John Cassavetes, esa enerxía na que inclúe improvisación e cámara en man. E encántame a proximidade aos personaxes e o naturalismo dos Dardenne. En canto ao toque de terror e surrealista do meu filme, inspireime nas primeiras obras de Polanski e en David Lynch, por descontento.

Como viviu, en canto muller e actriz, as novas das perversións sexuais en Hollywood? Creo que se debora falar menos dos detalles perversos que do propio abuso de poder, que sempre estivo aí. Por que esas mulleres non puideron denunciálo antes? Que ameazas había detrás? Iso é o máis terríbel, que unha muller teña medo a denunciar polas repercusións que puidera ter. Quizais non volver traballar nunca. Os acusados son xente con moito poder. Pero saíran moitos máis escándalos.

Publicado en www.elperiodico.com/es/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**Abónate
e ven sempre
por**
4,5€

**Faite
NUMAX!**